



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 17 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:20 horas do día 17 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 15-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. María Gómez Janeiro. (asiste ao apartado 1 a) e 2 a)).
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao apartado 3 a)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

Abriuse o sobre que contén a documentación persoal do único licitador presentado, Oreco, S.A., a mesa acorda outorgar un prazo de tres días para que complete o contido da declaración responsable de acordo co modelo previsto no anexo II ao PCAP.

2.- Apertura de documentación técnica e económica en procedementos negociados

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

Non se tratou este asunto xa que o licitador presentado ten que completar a declaración responsable presentada.

3.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:25	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A547-C64FCE-3CE6DF-7TPK5A-5E1VAZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).

Deixase pendiente este asunto xa que hai que requerir ao licitador para que complete a documentación presentada. Xa que non presentou solvencia técnica suficiente ata completar o prezo do contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:40 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:25	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A547-C64FCE-3CE6DF-7TPK5A-5E1VAZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		